



FONDO GALEGO
DE GARANTÍA
AGRARIA

EXTRATEXIA DE LOITA CONTRA A FRAUDE DO FOGGA

Secretaría do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)
Rúa dos Irmandiños,s/n. Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
Tel: +34 981 544 777
fogga.xunta.gal

CVE: qno3vEcRmeR1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





HISTORIAL DE MODIFICACIÓN DA ESTRATEXIA LOITA CONTRA A FRAUDE

VERSIÓN	DATA	DESCRICIÓN
V1	NOVEMBRO 2020	
V2	ABRIL 2025	



ÍNDICE

1.	NORMATIVA DE APLICACIÓN.....	4
2.	EXPOSICIÓN DE MOTIVOS	6
3.	OBXETO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.....	7
4.	CONCEPTOS E DEFINICIÓNS	8
5.	DESCRICIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E CORRECCIÓN E PERSECUCIÓN (LOITA) CONTRA A FRAUDE	11
5.1.1	Unha política antifraude avalada polas autoridades	14
5.1.2	O establecemento dunha cultura ética	14
5.1.3	Formación e sensibilización	14
5.1.4	Segregación de funcións e responsabilidades	15
5.1.5	Sistema de control interno eficaz.....	15
5.1.6	Mecanismos de avaliación de riscos.....	16





1. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A política antifraude trasladouse á xestión, control e pagamento dos fondos FEAGA e Feader sendo obxecto de regulación pola seguinte normativa:

1. Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, relativo ao financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común e polo que se derroga o Regulamento (UE) 1306/2013.
2. Regulamento Delegado (UE) 2022/127 da Comisión, do 7 de decembro de 2021, que completa o Regulamento (UE) 2021/2116, do Parlamento Europeo e do Consello, con normas relativas aos organismos pagadores e outros órganos, xestión financeira, liquidación de contas, as garantías e uso do euro.
3. Regulamento de execución (UE) 2022/128 da Comisión, do 21 de decembro de 2021, que establece as normas de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2116, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre organismos pagadores e outros organismos, xestión financeira, liquidación de contas, controis, garantías e transparencia.
4. Regulamento de execución (UE) 2015/1975, da Comisión, do 8 de xullo de 2015, polo que se establece a periodicidade e o formato de notificación das irregularidades relativas ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), de conformidade co Regulamento (UE) 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello.
5. Regulamento delegado (UE) 2024/205 da Comisión, polo que se completa o Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello con disposicións específicas sobre a notificación de irregularidades respecto do Fondo Europeo Agrícola de Garantía e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e polo que se derroga o Regulamento delegado (UE) 2015/1971, da Comisión.

Así mesmo, para a xestión da loita contra a fraude, existe unha normativa horizontal aplicable, que recolle a seguinte normativa europea e nacional:

1. Regulamento (CE, Euratom) 2988/95, do Consello, do 18 de decembro de 1995, relativo á protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas.
2. Regulamento (UE, Euratom) 883/2013, do 11 de setembro de 2013, relativo ás investigacións realizadas pola Oficina Europea de Loita Antifraude (OLAF) e polo que se derroga o Regulamento (CE) no 1073/1999 do Parlamento Europeo e do Consello e o Regulamento (Euratom) 1074/1999 do Consello.
3. Regulamento (UE) 2017/1939, do Consello, do 12 de outubro de 2017, polo que se establece a cooperación reforzada para o establecemento da Fiscalía Europea.





4. Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro de 2024, relativo ás normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.
5. Regulamento (UE) 2021/785, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2021, polo que se establece o Programa de loita contra a fraude da Unión e se derroga o Regulamento (UE) no 250/2014.
6. Directiva (UE) 2017/1371, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2017, relativa á loita contra a fraude aos intereses financeiros da Unión mediante o dereito penal (Directiva PIF).
7. Directiva (UE) 2019/1937, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que denuncien infraccións da lexislación da UE.
8. Lei orgánica 9/2021, do 1 de xullo, de desenvolvemento do Regulamento (UE) 2017/1939 do Consello, do 12 de outubro de 2017, polo que se establece a cooperación reforzada para a creación da Fiscalía Europea.
9. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
10. Real decreto 1046/2022, do 27 de decembro, polo que se regula a Gobernanza do Plan Estratéxico da Política Agraria Común en España e dos Fondos Europeos Agrarios FEAGA e Feader.
11. Real decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o réxime de xestión e control das intervencións no marco do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agraria Común.
12. Real decreto 91/2019, do 1 de marzo, polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello Consultivo para a Prevención e Loita contra a Fraude contra os Intereses Financeiros da Unión Europea.
13. Guía da Comisión "Detección de conflitos de intereses nos procedementos de contratación pública no marco de actuacións estruturais. Guía práctica para os responsables da xestión elaborada por un grupo de expertos dos Estados membros coordinado pola Unidade de Prevención da Fraude D2 da OLAF".
14. Orientacións sobre como evitar e xestionar as situacións de conflito de intereses ao abeiro do Regulamento financeiro (2021/C 121/01), de abril de 2021.

Así mesmo, para a xestión da loita contra a fraude, existe unha normativa horizontal aplicable de carácter autonómico:

1. Lei 2/2015 do emprego público de Galicia. Establece os principios xerais da actuación do persoal empregado público e un completo código de conducta (artigo 74) cos





deberes de neutralidade e abstención en calquera actividade que poida xerar conflitos de interese co seu posto público.

2. Plan de Prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia.
3. Plan de Prevención de riscos de xestión e medidas antifraude do Fondo Galego de Garantía Agraria.
4. Resolución de Aprobación do Código Ético do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)
5. Instrución SF01/2024 sobre a declaración de ausencia/existencia de conflito de interese (DACI/DECI) do fondo galego de garantía agraria (Fogga).
6. Instrución SF02/2024 sobre o procedemento para a comprobación da información contida nas declaracións de conflito de interese (dacis/decis) na actividade do fondo galego de garantía agraria (Fogga), así como nos órganos ou organismos que teñan vixente unha delegación de funcións.
7. Instrución SF03/2024 sobre o procedemento de realización e revisión da avaliación de riscos de xestión e fraude do OP (Fogga).

2. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Fondo Galego de Garantía Agraria (en diante Fogga), organismo autónomo dependente da Consellería do Medio Rural, é o organismo pagador dos gastos financiados polos fondos agrícolas europeos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co previsto no Decreto 155/2006, do 7 de setembro, polo que se establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia, así como no Real decreto 1046/2022, de 27 de decembro, polo que se regula a gobernanza do Plan Estratéxico da Política Agrícola Común en España e dos fondos europeos agrícolas FEAGA e Feader.

A necesidade de establecer procedementos e controis de vixilancia para previr e detectar fraudes e conflitos de intereses é dende hai tempo unha cuestión de gran importancia.

Na actualidade, tamén cómpre ter en consideración a necesidade de implementar una estratexia de prevención, detección e loita contra a fraude establecida na normativa comunitaria. Dentro do compendio normativo podemos destacar o artigo 59 do Regulamento (UE) 2021/2116, sobre Protección dos Intereses financeiros da Unión e o anexo I do Regulamento delegado (UE) 2022/127 que establece os criterios de autorización dos Organismos Pagadores e a Declaración de Xestión regulada no Anexo I do Regulamento de Execución (UE) 2022/128.

No ámbito nacional, o Real decreto 1046/2022, do 27 de decembro, polo que se regula a Gobernanza do Plan Estratéxico da Política Agraria Común en España e dos Fondos Europeos Agrarios FEAGA e Feader, no seu artigo 25 determina en relación a Loita contra a fraude e os conflitos de interese, que os organismos pagadores reforzarán a prevención, detección e loita contra a fraude das Intervencións ou medidas da PAC financiadas con Fondos FEAGA e Feader dentro do marco da estratexia nacional de prevención e loita contra a fraude aos intereses financeiros da Unión.





E con obxecto de realizar un acercamento máis sistemático e visible destas actividades de control da fraude, o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) elaborou o seu Plan de Prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, ditou a Resolución de Aprobación do Código Ético do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) e a Instrución SF01/2024 sobre a declaración de ausencia/existencia de conflito de interese, a Instrución SF02/2024 sobre o procedemento para a comprobación da información contida nas declaracións de conflito de interese e a Instrución SF03/2024 sobre o procedemento de realización e revisión da avaliación de riscos de xestión e fraude.

Segundo con proceso de evolución e mellora continua na elaboración da estratexia antifraude e conflito de interese do Fogga, tras a entrada en vixencia do marco normativo comunitario e nacional da Política Agraria Comunitaria para o período 2023-2027 (en diante PEPAC) procede a actualizar a Estratexia de loita contra a Fraude do Fogga para:

- Actualizar as referencias normativas.
- Modificar os procedementos de realización das avaliacións de riscos potenciais, irregularidades e fraudes tras a inclusión destas avaliacións como criterios de autorización do OP.
- Incluír a referencia explícita a adhesión do OP aos códigos éticos e a integridade e valores.
- Recoller as actuación encamiñadas a prever e detectar o conflito de interese.

3. OBXETO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

A presente instrución ten por obxecto establecer unha estratexia antifraude que inclúa as medidas de loita contra a fraude e calquera actividade ilegal que afecte aos intereses financeiros da Unión na xestión dos fondos FEAGA e Feader. Estas medidas incluíran a prevención e detección da fraude, a determinación das condicións para a súa investigación e as medidas de reparación e disuasión como son as sancións proporcionais conforme ao previsto no Anexo I do Regulamento Delegado (UE) 2022/127.

A estratexia reflexa as seguintes fases da fraude e as súas correspondentes medidas:

- Prevención
- Detección
- Corrección e persecución (loita), que comprende a súa investigación, recuperación e sancións e seguimento.

Para o establecemento do ámbito de aplicación tómase como punto de partida que a estratexia do Organismo Pagador integre cada unha das fases de xestión dos fondo FEAGA e Feader asumidas polo Organismo Pagador (en diante OP), tanto en aquelas xestionadas pola





Subdirección Xeral de Xestión da PAC, como polos Órganos e Entidades que teñen subscrita unha delegación de funcións, na parte que afecta as actividades relacionadas co OP.

4. CONCEPTOS E DEFINICIÓNS

4.1 Irregularidade

A definición de Irregularidade para os efectos dos fondos Agrícolas establécese no artigo 2 letra a) do Regulamento (UE) 2021/2116 que se remite ao artigo 1.2 do Regulamento (2988/95):

Enténdese por "irregularidade" toda infracción dunha disposición do dereito comunitario correspondente a unha acción ou omisión dun operador económico que teña ou poda ter por efecto prexudicar ao orzamento xeral das Comunidades ou aos orzamentos administrados por estas, ben pola diminución ou perda de ingresos derivados dos recursos propios percibidos directamente por estas Comunidades, ben por dar lugar a gastos indebidos.

4.2 Sospeita de fraude

A sospeita de fraude ben definida na letra a) do artigo 2 do Regulamento delegado (UE) 2024/205:

"A irregularidade que dea lugar á incoación dun procedemento administrativo ou xudicial para determinar a existencia dun comportamento intencionado, en particular dunha fraude ou outra infracción penal"

4.3 Fraude

En canto aos gastos, considérase fraude calquera acción ou omisión intencionada relacionada con:

- O uso ou a presentación de declaracións ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a malversación ou a retención infundada de fondos ou activos do orzamento da Unión ou de orzamentos administrados pola Unión, ou no seu nome;
- O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto; ou
- O uso indebido deses fondos ou activos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial".¹

A fraude pódese clasificar como "interna" ou "externa". No contexto da PAC sería:

A fraude interna a que pode ser cometida por persoal das autoridades públicas implicados na administración dos fondos da PAC ou por persoal das institucións ou organismos da UE. Poderá

¹ Definición do artigo 3 da Directiva (UE) 2017/1371 sobre a loita contra a fraude que afecta aos intereses financeiros da Unión a través do Dereito penal





implicar conflitos de interese non declarados, violacións do segredo profesional ou corrupción pasiva;

A Fraude externa é a fraude que poder ser cometida polos beneficiarios do financiamento dos Fondos da PAC. Os exemplos desta fraude inclúen a fraude na contratación pública (manipulación de ofertas, subcontratación irregular ou ficticia, corrupción activa, falsificación de documentos, inflación de custos ou ocultación de vínculos entre empresas).

Segundo a Directiva (UE) 2017/1371 relativa á loita contra a fraude que afecte aos intereses financeiros da Unión mediante o dereito penal (coñecida como Directiva PIF), no seu artigo 3.1:

"Os Estados membros adoptarán as medidas necesarias para garantir que a fraude que afecte aos intereses financeiros da Unión sexa constitutiva de delito penal cando se cometa intencionadamente".

O réxime sancionador previsto no artigo 7 da citada directiva é o seguinte:

- Fraude superior a 100.000 euros ou outras circunstancias definidas na lexislación nacional (fraude grave): sanción económica máis pena de privación da liberdade máxima de polo menos 4 anos.
- Fraude entre 10.000 e 100.000 euros: sanción económica máis pena de privación da liberdade, pero non necesariamente 4 anos.
- Fraude inferior a 10.000 euros (fraude leve): necesariamente unha sanción, pero non ten por que ser de carácter penal. Posibilidade de sanción administrativa.

4.4 Conflito de intereses (CI)²

O artigo 61 do Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509, coñecido como "Regulamento financeiro", establece que os axentes financeiros e outras persoas, incluídas as autoridades nacionais que interveñan na execución do orzamento da Unión de forma directa, indirecta e en xestión compartida, incluídos os actos preparatorios ao respecto, a auditoría ou control, teñen un conflito de interese cando teñan o exercicio imparcial e obxectivo das súas funcións comprometido por razóns de afinidade familiar, afectiva, política ou nacional, de interese económico ou por calquera razón directa ou indirecta de interese persoal.

4.5 Acto primeiro de comprobación administrativa (PACA) e xudicial

Defínese como o primeiro acto de comprobación administrativa ou xudicial (PACA): "unha primeira avaliación por escrito por parte dunha autoridade competente, xa sexa administrativa ou xudicial, que teña concluído, sobre a base de feitos concretos, que se ten cometido unha irregularidade, sen prexuízo da posibilidade de que esta conclusión sexa revisada ou revocada posteriormente a raíz da evolución do procedemento administrativo ou proceso xudicial".

Concretamente no OP "O acordo de inicio dun procedemento de reintegro" considérase o primeiro acto administrativo de comprobación para os efectos das comunicacións á OLAF. En

² Para a interpretación e aplicación desta definición, convén seguir a Comunicación da Comisión (2021/C 121/01) "Orientación sobre como evitar e xestionar situacións de conflito de intereses segundo o Regulamento financeiro".





determinados casos, como as intervencións de investimento no Feader, poderán considerarse outras actuacións similares realizadas pola Administración, como os resultados de controis, auditorías, etc.

Como primeiro acto de comprobación xudicial, considerarase o auto polo que se establece a apertura de dilixencias previas na xurisdición penal.

4.6 Autoridade competente

A entidade responsable de expedir e retirar a autorización dos organismos pagadores, os propios organismos pagadores e os órganos e entidades nas que deleguen as súas funcións, de acordo cos artigos 8 e 9 do Regulamento (UE) 2021/2116.

4.7 O Organismo Pagador (FOGGA)

O servizo ou organismo autorizado para xestionar e controlar o pagamento dos gastos do FEAGA e do Feader, de conformidade co artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/2116.

4.8 Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA)

Segundo o artigo 19.5 h) do Real decreto 682/2021, o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude é un dos órganos da Intervención Xeral da Administración do Estado, coa categoría de Subdirección Xeral, ao que lle corresponden as seguintes funcións:

- Dirixir a creación e aplicación de estratexias nacionais e promover os cambios lexislativos e administrativos necesarios para protexer os intereses financeiros da Unión Europea.
- Identificar posibles carencias nos sistemas nacionais de xestión dos fondos da Unión Europea.
- Establecer canles de coordinación e denuncia de irregularidades e sospeitas de fraude entre as distintas institucións nacionais e a Oficina Europea de Loita Antifraude.
- Promover a formación para a prevención e loita contra a fraude.

4.9 Estratexia Nacional Antifraude

O Informe Especial número 6/2019 do Tribunal de Contas Europeo establece que as autoridades deben reforzar a detección, resposta e coordinación mediante un instrumento formal que proporcione coherencia ás accións contra a fraude en intereses financeiros da UE por parte de todos os axentes nacionais implicados e garanta a súa eficacia durante todo o ciclo antifraude. No caso de España como Estado membro, a SNCA está en proceso de desenvolvemento desta estratexia.

4.10 Responsable antifraude

Interlocutor designado polo Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) co fin de establecer as canles de coordinación e mecanismos de cooperación adecuados coa IGAE (SNCA). Debe colaborar mediante o intercambio de información para reforzar a prevención, detección, corrección e seguimento de fraudes e irregularidades.





No ámbito do OP será a persoa titular da Xefatura de Servizo de Xestión Administrativa da Secretaría do Fogga.

4.11 Fiscalía Europea³

E o órgano da Unión Europea con personalidade xurídica propia, encargado de investigar os delitos que prexudiquen os intereses financeiros da Unión, así como de perseguir e procurar xuízo contra os autores e os seus cómplices.

5. DESCRICIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E CORRECCIÓN E PERSECUCIÓN (LOITA) CONTRA A FRAUDE

A estratexia antifraude debe atender a todas as fases do ciclo da Fraude, e dicir debe comprender a prevención, detección e loita contra a fraude:

- Medidas de **PREVENCIÓN**

1. Declaración institucional de integridade e compromiso ético (Consello da Xunta de Galicia 10/12/2021).
2. Divulgación do PXMA.
3. implantar e actualizar o Código ético.
4. Implantación de protocolos relativos ás Declaracións de ausencia de conflitos de interese (DACIs).
5. Aprobación por cada centro directivo e entidade dun **Plan específico de riscos**.
6. Establecemento dun catálogo de riscos xerais en materia de subvencións e contratación (con "bandeiras vermellas"), e dos controis atenuantes recomendados.
7. Habilitación dun Buzón de integridade.

- Medidas de **DETECCIÓN**

1. Habilitación dunha Canle de denuncias.
2. Inclusión de medidas antifraude nos modelos de bases de subvencións e nos pregos de cláusulas administrativas de contratación.
3. Implantación de ferramentas informáticas de prospección de datos.

- Medidas de **CORRECCIÓN**

1. Previsión de modificación do PXMA e plans específicos en función dos incidentes detectados (auditorías, Controis etc).

³ De conformidade cos artigos 3 e 4 do Regulamento (UE) 2017/1939 polo que se establece unha cooperación reforzada para o establecemento da Fiscalía Europea.






2. O órgano directivo ou entidade afectada por un incidente de fraude deberá avaliar e cualificar a fraude como "sistémica" ou "puntual".
3. Instrución, resolución e comunicación das irregularidades e fraudes.

- Medidas de **PERSECUCIÓN**

1. Establecemento dun protocolo interno a seguir coas informacións recibidas a través da Canle de denuncias.
2. Traslado dos feitos ao Ministerio Fiscal, á Fiscalía Europea, ao Consello de Contas, ao SNCA, a OLAF ou aos tribunais de xustiza, segundo proceda.
3. Tramitación do procedemento de reintegro dos importes indebidamente pagados.

Por iso, a Estratexia Antifraude do Fogga (OP) comprende as fases definidas de prevención, detección e corrección e persecución (que á súa vez implica investigación, recuperación e penalización, así como o seguimento dos casos confirmados e/ou posibles detectados):







5.1 Prevención da fraude

Naqueles ámbitos deste apartado nos que o responsable antifraude poida colaborar con outros interesados estableceranse canles de comunicación permanentes e axeitadas para difundir a información, a normativa e a formación do persoal.

As accións destinadas a prevención da fraude deberían incluír, en todo caso:

5.1.1 Unha política antifraude avalada polas autoridades

A Dirección da Fogga ten asumidas as seguintes actuacións:

- Ter un enfoque proactivo, estruturado, específico e eficaz para a toma de decisións para xestionar o risco de fraude.
- Ter un compromiso firme e claramente comunicado de loita contra a fraude, que implique tolerancia cero a todos os niveis.

5.1.2 O establecemento dunha cultura ética

O Regulamento (UE) 2022/127, determina no seu anexo I "*Criterios de autorización dos organismos pagadores*" no apartado 1. Contorna interior, B) Recursos humanos, que o OP deberá demostrar o cumprimento dos valores éticos e de integridade e que todos os niveis de dirección respectarán a integridade e os valores éticos nas súas instrucións, actuacións e comportamentos así, as normas de conduta deberán ser avaladas por todos os niveis da organización, así como por todos os provedores de servizos e beneficiarios subcontratados. Deberán establecerse procesos para avaliar o cumprimento das normas de conduta por parte das persoas e entidades e para abordar as desviacións de xeito oportuno.

Para dar cumprimento ao anterior o Fogga, co obxectivo principal de expoñer o seu compromiso coa loita contra a fraude, elaborou un documento no que se recollen os principios de integridade e valores éticos que deben subscribir todos os empregados públicos, garantindo a súa difusión e comprensión e estendendo estes principios aos prestadores de servizos contratados ou subcontratados. Na actualidade, esta declaración Institucional está recollida na "*Resolución de aprobación do código ético do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)*" que traslada a posición oficial do OP en materia de fraude e conflito de intereses dentro e fóra da organización.

5.1.3 Formación e sensibilización

A formación e sensibilización deben estar dirixidas a todos os compoñentes da organización, incluídos todos os niveis xerárquicos responsables do control: órganos de goberno, órganos e





unidades de xestión, órganos e unidades de control. O obxectivo é a concienciación e a adquisición de habilidades, así como a difusión e transmisión de experiencias na loita contra a fraude.

As accións de sensibilización poden incluír a transmisión de mensaxes oficiais dende a propia organización (tanto aos empregados como aos beneficiarios), así como a utilización de canles non oficiais como boletíns, anuncios da intranet, inclusión de puntos na axenda das reunións de traballo, mensaxes transmitidas por correo electrónico e outros. As actividades formativas inclúen reunións, seminarios, grupos de traballo e cursos online entre outras. Tamén cabe implementar controis específicos, actuacións en caso de detección de fraude ou casos prácticos de referencia. Estas actividades formativas serán realizadas polo propio persoal do Fogga e por calquera outro organismo ou institución que difunda coñecementos en materia de loita contra a fraude (como SNCA, OLAF, Comisión).

Dentro destas actividades ten un papel destacado a cumprimentación periódica do cuestionarios de autoavaliación sobre coñecemento de fraude e conflito de interese establecido na *"Instrución SF01/2024 sobre a declaración de ausencia/existencia de conflito de interese (daci/deci) do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)"*.

5.1.4 Segregación de funcións e responsabilidades

O Fogga ten establecida claramente a separación de funcións na autorización e control, execución e contabilidade dos pagamentos.

Ademais do anterior, como OP tamén atende ao disposto no artigo 77.2 do Real decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o réxime de xestión e control das intervencións no Plan estratéxico e outras axudas da PAC, que sinala que os inspectores que realicen controis in situ (...) non deben ter participado nos controis administrativos da mesma actuación.

5.1.5 Sistema de control interno eficaz

O sistema de control interno foi deseñado axeitadamente e o OP establece o control sobre os controis (administrativos e terreo) que non realizan as súas propias unidades. Os controis están centrados na mitigación efectiva dos riscos identificados nas correspondentes avaliacións. A verificación da xestión realizada tanto polo Fogga, como polos órganos e unidades que teñen vixente unha delegación de funcións debe ser integral e os controis in situ deben estar centrados no risco, atendendo a necesidade de acadar unha cobertura suficiente de xeito que se aumenten as probabilidades de detectar posibles fraudes.

O persoal, tanto interno como externo, encargado de realizar as inspeccións deberá coñecer este sistema de control interno e o disposto nos manuais de procedemento e nas directrices da Comisión na materia, e deberá recibir a formación e as comunicacións oportunas sobre esta materia.





Todas as actuacións que se leven a cabo neste ámbito deberán estar axeitadamente documentadas de xeito que se garanta unha pista de auditoría adecuada.

5.1.6 Mecanismos de avaliación de riscos

O Regulamento (UE) 2022/127, no seu Anexo I establece en relación a avaliación de riscos que o organismo pagador garantirá:

1. a identificación dos obxectivos do organismo pagador para permitir a identificación e avaliación dos riscos relacionados con eses obxectivos,
2. a identificación dos riscos, en particular as posibles irregularidades ou fraudes que afecten á consecución dos seus obxectivos e a análise destes riscos como base para determinar a forma de xestionar o risco,
3. a aplicación de medidas para evitar e mitigar os riscos identificados,
4. a identificación e avaliación dos cambios que poidan ter un efecto significativo no sistema de control interno,
5. A revisión periódica da avaliación de riscos e das medidas establecidas para evitar ou mitigar os riscos identificados.”

